

## **PROPOSTA DE CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.**

O artigo 2. epígrafes 1, 3 e 5 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público establece:

*“1. Adicionalmente ao establecido nos artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluirá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadros de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Públicas e estando dotadas orzamentariamente, estiveran ocupadas de forma temporal e ininterrompida polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.*

*Sen prexuízo do que establece a disposición transitoria primeira, as prazas afectadas polos procesos de estabilización previstos nos artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado par ao ano 2018, incluíranse dentro do proceso de estabilización descrito no*

*parágrafo anterior, sempre que estiveran incluídas nas correspondentes ofertas de emprego público de estabilización e que no momento da entrada en vigor da presente lei, non foran convocadas, ou sendo convocadas e resoltas, quedaran sen cubrir.*

*3. A taxa de cobertura temporal deberá situarse por debaixo do oito por cento das prazas estruturais.”*

*5. Da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de custo nin de efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se encontren desempeñadas por persoal con vinculación temporal.”*

Nas disposicións adicionais sexta e oitava da mesma lei establecese:

*“Disposición adicional sexta. Convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de larga duración.*

*As Administracións públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.*

*Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez, poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais e respectarán, en todo caso, os prazos establecidos nesta norma.*

*Disposición adicional oitava. Identificación das prazas a incluír nas convocatorias de concurso.*

Adicionalmente, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluirán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.”

Na Comunidade Autónoma de Galicia, nos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, convocáronse e executáronse todas as prazas de estabilización derivadas das habilitacións recollidas nas Leis 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 e Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021. A oferta destas prazas aprobáronse polas seguintes normas:

Decreto 29/2018, do 22 de febreiro.....	581
Decreto 12/2019, do 7 de febreiro.....	666
Decreto 164/2019, do 12 de decembro.....	1.134
Decreto 4/2021, do 14 de xaneiro.....	240

As prazas totais a convocar polos procesos de estabilización eran de 2.400. A suma total das prazas convocadas é de 2.621 porque no Decreto 164/2019, do 12 de decembro, incluíronse 221 prazas



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE

Xacobeo 21·22  
CONCURSO DE ESTABILIZACIÓN  
EN ÁMBITOS NO PESQUEROS EN  
CONFORMIDAD CON LA LEI 20/2021, DO 28 DE DICIEMBRE, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO

que quedaron vacantes na execución das ofertas aprobadas polos Decreto 29/2018, do 22 de febreiro e 12/2019, do 7 de febreiro.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, nos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio , de educación, quedan pendentes de convocarse unicamente as prazas de estabilización previstas no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Aplicaranse a este proceso de estabilización os seguintes criterios:

**Primeiro. Prohibición de incremento de custo e de efectivos**

De conformidade co establecido no artigo 2.5 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, da resolución dos procesos de estabilización non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de custo nin de efectivos, debendo ofertarse necesariamente, prazas de natureza estrutural que se encontren desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

**Segundo. Prazas que se ofertan aos procesos selectivos**

Ofertaranse nos procedementos de estabilización de emprego temporal aquelas prazas estruturais que foran desempeñadas por persoal interino dende o 1 de xaneiro de 2018 e que continúen



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE



Xacobeo 21·22

desempeñándose ininterrompidamente por persoal interino no curso académico 2021-2022.

### **Terceiro. Forma de determinar as prazas**

**A) Prazas a ofertar na convocatoria do concurso de méritos excepcional de estabilización previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urgentes para a redución da temporalidade.**

1) Empezamos pola disposición adicional sexta.

### **CONDICIONES**

1. Praza ocupada a 30.09.2021 por persoal interino a xornada completa.

2. Que a praza estivese ocupada ininterrompidamente por persoal interino con anterioridade ao 01.01.2016, áinda que non ten que ser a mesma persoa interina.

3. Que a praza sexa estrutural.

4. A praza ten que ser estrutural todos os anos.

on on

de sevicio de  
cada uno

2) Continuamos pola disposición adicional oitava.

## **CONDICIONES**

soñan en concursos ob convocatoria a efectos de contratación (A) base a la que se celebra un concurso de méritos (B) base a la que se celebra un concurso de méritos (C) base a la que se celebra un concurso de méritos (D) base a la que se celebra un concurso de méritos (E) base a la que se celebra un concurso de méritos (F) base a la que se celebra un concurso de méritos (G) base a la que se celebra un concurso de méritos (H) base a la que se celebra un concurso de méritos (I) base a la que se celebra un concurso de méritos (J) base a la que se celebra un concurso de méritos (K) base a la que se celebra un concurso de méritos (L) base a la que se celebra un concurso de méritos (M) base a la que se celebra un concurso de méritos (N) base a la que se celebra un concurso de méritos (O) base a la que se celebra un concurso de méritos (P) base a la que se celebra un concurso de méritos (Q) base a la que se celebra un concurso de méritos (R) base a la que se celebra un concurso de méritos (S) base a la que se celebra un concurso de méritos (T) base a la que se celebra un concurso de méritos (U) base a la que se celebra un concurso de méritos (V) base a la que se celebra un concurso de méritos (W) base a la que se celebra un concurso de méritos (X) base a la que se celebra un concurso de méritos (Y) base a la que se celebra un concurso de méritos (Z)

1. Prazas ocupadas actualmente por persoal interino a xornada completa.

2. Que a persoa interina que a desempeña veña prestando servizos en calquera praza ininterrompidamente con anterioridade ao 01.01.2016.

3. Que a praza sexa estrutural.

4. Que a praza non estea incorporada ao concurso de méritos pola disposición adicional sexta.

5. Enténdese que a persoa interina desempeña unha praza ininterrompidamente con anterioridade ao 01.01.2016 aínda que sexa en distintas especialidades do mesmo corpo e incluso en corpos distintos.

6. As prazas non teñen que ser temporais desde o 01.01.2016.



**B. Prazas a ofertar no concurso-oposición do artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade.**

as non sup isoluit soaneq srlnuc esbebeiqq naxas eur aA (o  
.elmeqmeasb

**CONDICIONES**

1. Praza ocupada a 30.09.2021 por persoal interino a xornada completa.
2. Que a praza estivese ocupada ininterrompidamente por persoal interino con anterioridade ao 01.01.2018, aínda que non ten que ser a mesma persoa interina.
3. Que a praza non estea incorporada ao concurso de méritos pola disposición adicional sexta.
4. Que a praza non estea incorporada ao concurso de méritos pola disposición adicional oitava.
5. Que a praza sexa estrutural.
6. A praza ten que ser estrutural todos os anos.

**Cuarto. Prazas que non se consideran estruturais**

- a) As ofertadas para provisión temporal con xornada reducida.

b) As que non teñen unha duración, como mínimo, desde o 1 de outubro ata o 31 de agosto do ano inmediatamente seguinte.

c) As que sexan propiedade dunha persoa titular que non as desempeña temporalmente.

d) As derivadas das reducións de xornada do persoal que desempeña cargos directivos nos seguintes centros:

- Centros Públicos Integrados

- Institutos de Educación Secundaria.

- Centros Integrados de Formación Profesional.

- Escolas Oficiais de Idiomas

- Conservatorios Profesionais de Música

- Escolas de Artes Plásticas e Deseño

- Escola de Restauración e Bens Culturais

- Escola de Arte Dramática

e) As prazas desempeñadas en especialidades non vixentes.

f) As prazas desempeñadas por persoal seleccionado como persoal especialista.

g) As prazas do corpo de profesores de música e artes escénicas afectadas pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

núm. 469/2019, do 23 de outubro, de acceso ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas.

**Quinto. Non oferta de prazas concretas**

O sistema comentado utilizase para calcular o número de prazas a convocar por corpo e especialidade, pero non para ofertar prazas concretas.

**Sexto. Especialidades do extinguido corpo de profesores técnicos de formación profesional**

Aprobaremos no Decreto da oferta de emprego as prazas das especialidades do extinguido corpo de profesores técnicos de formación profesional no corpo de profesores de ensino secundario ou no corpo de profesores especialistas de sectores singulares da formación profesional, desde a previsión de que estará aprobada a Lei de ordenación e integración da formación profesional.

Non convocaremos as prazas das especialidades do extinguido corpo de profesores técnicos de formación profesional ao concurso de méritos ou ao concurso-oposición, agás que previamente estean determinadas as titulacións declaradas equivalentes para os efectos de docencia.

Para os únicos efectos do proceso de estabilización, a experiencia docente nas especialidades do extinguido corpo de profesores técnicos de formación profesional serán valoradas como experiencia docente no corpo no que se integra a especialidade.

**Sétimo. Promoción interna**

De conformidade co establecido no número 1 do artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, segundo a redacción dada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no concurso de méritos previsto na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, non se ofertarán prazas de promoción interna.

**Oitavo. Quenda de persoas con discapacidade**

No concurso de méritos e no concurso-oposición previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ofertáranse un 7 por 100 das prazas para a quenda das persoas con discapacidade.

**Noveno. Non elaboración de listas para realizar interinidades ou substitucións co persoal participante no concurso de méritos**

Co persoal participante no concurso de méritos previsto na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, non se elaborará unha listaxe para prestar servizos como persoal interino ou substituto.

**Décimo.** Non obrigatoriedade do presentarse ao concurso de méritos

O persoal que teña consolidado o seu posto na lista para realizar interinidades ou substitucións non estará obrigado a presentarse ao concurso de méritos para manter o seu posto na lista.

**Décimo primeiro.** Acceso por unha única especialidade nun mesmo corpo

Non poderá accederse por máis dunha especialidade nun mesmo corpo. Se unha persoa tivese puntuación suficiente para acceder por máis dunha especialidade deberá renunciar a unha delas no prazo que se estableza. De non facelo entendérase que accede pola especialidade con código inferior.

**Décimo segundo.** Obtención do primeiro destino definitivo

O persoal aspirante que ingrese nalgún dos corpos docentes que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, deberá obter o seu primeiro destino definitivo nun dos centros directamente xestionado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e está obrigado, para estes efectos, a participar nos concursos ordinarios de traslados que se celebren en España e Inglaterra.



convoquen, na forma que determinen as correspondentes convocatorias.

**Décimo terceiro. Causa de non interrupción dos servizos**

Para os únicos efectos do previsto nesta proposta non se considera unha interrupción dos servizos o feito de que o persoal interino cese ao final de cada curso académico se a praza é provista para o curso académico inmediatamente seguinte por outra persoa coa condición xurídica de persoal interino na adxudicación de destinos provisionais (CADP)

**Décimo cuarto. Publicación da oferta de emprego público dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**

As ofertas de emprego que aproben as prazas de estabilización contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público, deberán aprobarse e publicarse no *Diario Oficial de Galicia* con anterioridade ao 1 de xuño de 2022.

**Décimo quinto. Publicación das convocatorias**

A publicación no *Diario Oficial de Galicia* das convocatorias dos procesos selectivos para as prazas incluídas nas ofertas de emprego público derivadas da Lei de medidas urxentes de redución

da temporalidade deberá producirse con anterioridade ao 31 de decembro de 2022.

Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, a convocatoria do concurso-oposición poderá diferir a apertura do prazo de solicitudes e determinalo mediante unha resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

#### **Décimo sexto.** *Finalización dos procedementos*

A resolución dos procesos selectivos que se convoquen como consecuencia da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público deberán rematar antes do 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que o nomeamento como persoal funcionario de carreira poida realizarse con efectividade do 1 de setembro de 2025.

#### **Décimo séptimo.** *Prazo de renuncias ao concurso de méritos*

No caso de renuncia aos dereitos derivados do concurso de méritos con anterioridade a que se propoña o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira ao Ministerio de Educación e Formación Profesional dará lugar a que se declare aprobada aquela persoa a que lle corresponda en virtude das puntuacións do persoal concursante.

#### **Décimo oitavo.** *Prazo de renuncias no concurso-oposición*

## 6.3.1

A renuncia aos dereitos derivados do procedemento selectivo realizado por concurso oposición con anterioridade ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas dará lugar a que se declare aprobada a persoa que, se é o caso, lle corresponda conforme os criterios establecidos na convocatoria.